

Actividades para proxectos Bloque 3: Actividades con colaboración externa e de difusión.

Primaria de 6 a 12 anos

Normas de conduta nas redes sociais



Idade 9 a 12 anos



Nivel de dificultade: avanzado



Temporalización 9 sesións



Etiquetas: Ciberseguridade (*e-safety*), Internet, normas de conduta na rede (*netiquette*).

DESCRIBIÓN DA ACTIVIDADE

O alumnado crea un libro colaborativo con exemplos de conversas que seguen as normas de conduta na rede e outras que non. Os estudantes analizarán estas conversas e aprenderán cómo teñen que comunicarse cando naveguen por Internet e as redes sociais.

OBXECTIVOS

- Concienciar o alumnado sobre a importancia da netiqueta e desenvolver actitudes respectuosas entre iguais.
- Fomentar o comportamento cívico, a tolerancia e o respecto entre o alumnado.
- Fomentar o traballo colaborativo e facer bo uso das ferramentas dixitais a través da comunicación real entre o alumnado de distintos países socios coa finalidade de crear un produto final común.

COMPETENCIAS CLAVE E TEMAS TRANSVERSAIS

- Competencia dixital
- Comunicación lingüística
- Competencia para aprender a aprender
- Competencia cultural e artística
- Competencias sociais e cívicas
- Educación cívica
- Educación para a igualdade

CONTIDOS CURRICULARES

- Uso correcto e respectuoso da linguaxe cando se utilizan ferramentas dixitais comunicativas.
- Uso responsable das ferramentas dixitais.
- Valores como a tolerancia, o respecto e a empatía.
- A creatividade lingüística.
- Traballo colaborativo.

ASPECTOS INCLUSIVOS

Traballárase a igualdade entre o alumnado mediante a creación equilibrada de grupos mixtos internacionais.

PRODUTOS/ RESULTADOS ESPERADOS

Un libro colaborativo onde se amosen mensaxes axeitadas de chats ficticios que seguen as regras de netiqueta e outros non tan axeitados amosando o mesmo contido coa linguaxe non apropiada.

Chat: comunicación dixital instantánea que se dá a través da rede de Internet entre dúas ou máis persoas ou usuarios (texto, videochamadas ou audiochat).

Algunhas das aplicacións de chat máis empregadas actualmente en dispositivos móbiles son: Whatsapp, Telegram, Messenger, Snapchat, ou similar.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

PREPARACIÓN PREVIA

Fase 1. Creación do TwinSpace.

Os docentes, nunha reunión previa, establecen os criterios de traballo, o calendario e as ferramentas dixitais coas que traballarán e colaborarán os socios da actividade.

Tamén crean as páxinas necesarias no TwinSpace. Neste caso propónse sete páxinas:

1. Presentámonos.
2. Que é a netiqueta?
3. Formamos equipos internacionais
4. Creamos chats ficticios de Whatsapp (ou similar)
5. Este é o noso libro colaborativo de chats
6. Avaliación
7. Difusión e opinión dos expertos

TwinSpace

<https://twinspace.etwinning-training.net/24986/home>



Tutorial: [Como crear unha páxina de actividades](#)

Fase 2. Invitación do alumnado ó TwinSpace.

Os docentes rexistran o seu alumnado no TwinSpace.



Tutorial: [Como invitar a alumnos/as ó TwinSpace](#)

Fase 3. Creación de debates no foro.

Na sección «Foro», un docente abre un debate para que o alumnado se presente e interactúe.



Titorial: [Foros no TwinSpace](#)

POSTA EN PRÁCTICA

Fase 1. Coñecemos o TwinSpace e presentámonos. (1 sesión)

O docente amósalle ó alumnado o TwinSpace da actividade, as distintas páxinas e dá a cada estudante o seu nome de usuario e contrasinal para acceder a este espazo.

O alumnado accede ó TwinSpace, edita o seu perfil e inclúe un avatar para identificarse. O avatar representa a cara e o corpo que se dá a un usuario. A función do avatar é a de representar a persoa que encarna.

Para isto, pódese utilizar a ferramenta “[Crear o teu avatar](#)” ou similar.



Ferramenta: [Crear o teu avatar](#)

Os estudantes acceden ó debate aberto na sección «foro» e escriben unha breve presentación, incluíndo o seu nome, gustos acerca de deportes, animais e comida. Ademais, invítanos a que interactúen co resto de socios e que respondan polo menos a 3 mensaxes. Utilizan a lingua vehicular da actividade.



Exemplo de presentación no Foro



[Enlace TwinSpace](#)

Fase 2. Aprendemos acerca de seguridade en liña e da netiqueta. (1 sesión)

O docente invita a un experto á aula para que imparta unha charla sobre temas relacionados con Internet e a seguridade en liña e trate o tema da netiqueta.

O docente pode contactar coa Policía ou Garda Civil a través do [Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos e as súas Contornas](#), organizado polo Ministerio do Interior.



Ferramenta: [Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos e as súas Contornas](#)

Poden visitar a páxina [Cibercooperante de INCIBE](#) e concretar un día para que un experto imparta unha charla.



Exemplo de charla con cibercooperante



Ferramenta: [Cibercooperante de INCIBE](#)

TwinSpace

[Enlace TwinSpace](#)

Fase 3. Formación de equipos internacionais.

Os docentes distribúen o alumnado en equipos internacionais mixtos, de maneira que haxa equilibrio co alumnado de países distintos, de ambos sexos e tendo en conta as necesidades educativas de cada un dos membros. A táboa coa distribución resultante alóxana na páxina 3 do TwinSpace creada a tal efecto na Fase 1, «Formamos equipos internacionais».

TwinSpace

[Enlace TwinSpace](#)

Os docentes abren na pestana «foro» un fío para cada equipo internacional (Chat 1, Chat 2, Chat 3, etc.) e ademais un docente de cada centro socio encárgase de dinamizar cada un dos equipos internacionais, coa finalidade de ser mediador e guiar os alumnos de cada equipo orientándoos sobre a información que debe aparecer nos seus chats ficticios:

- Qué alumnos crean o principio do chat e quen crea o fin do mesmo.
- O tipo de linguaxe que deben utilizar, axudándose de enlaces a tutoriais e páxinas onde obteñan esta información.
- Temas motivadores para o alumnado para o contido dos chats: quedar cos amigos, ir ó cine, invitación a facer deporte xuntos, etc.

Fase 4. Creación de chats ficticios de Whatsapp. (2 sesións)

Os estudantes acceden á sección «Foro» e buscan a conversa do seu equipo. Os membros do grupo teñen que decidir en primeiro lugar o nome do seu grupo, por exemplo, o nome dunha aplicación de chat para o móbil e cambialo.


Despois, o alumnado creará chats ficticios tomando como exemplo a aplicación Whatsapp. Para isto, seguirán as indicacións dadas polo seu docente mediador no equipo.

Nos fíos do foro, os estudantes poranse de acordo co tema a tratar nos chats e o docente mediador indicará quen realiza o principio e quen o final do chat apropiado e de inapropiado.

Unha vez que os membros do grupo teñen acordado os temas mencionados previamente, elaborarán os chats ficticios empregando a ferramenta Fake WhatsApp ou similar. Ademais, gardarán as imaxes dos chats na sección «Materiais» do TwinSpace.



Ferramenta: [Fake WhatsApp](#)



Almacenamento de imaxes de chat no TwinSpace



[Enlace TwinSpace](#)

Fase 5. Creamos o libro colaborativo de chats (2 sesións).

Un docente crea un libro colaborativo coa ferramenta Book Creator ou similar e engade unha páxina co título de cada equipo e o tema elixido.




Ferramenta: [Book Creator](#)

Os estudantes de cada equipo internacional deciden qué membro se encarga de insertar no libro unha foto do chat do seu grupo.

Os docentes asignan os chats creados polos distintos grupos a un grupo diferente para que o grave nun arquivo de audio. Deste xeito, o equipo internacional 1 porá voz ó equipo 2, e así sucesivamente.

Os estudantes gravan os audios, por exemplo, cun teléfono móbil, e gardan os audios na sección «Materiais» do TwinSpace para posteriormente incrustalos no libro dixital colaborativo.

Un docente comparte o libro na páxina «5. Este é o noso libro colaborativo de chats» do TwinSpace. O libro recolle todas as conversas e os audios organizados por temáticas: nunha páxina amosarase a conversa con linguaxe inapropiada e ó seu lado o chat con linguaxe apropiada. Desta forma pódese ver a comparativa de cómo se ten que interactuar en liña dunha maneira respectuosa e tolerante cos demais.



Exemplo de libro colaborativo con chats



[Enlace TwinSpace](#)

AVALIACIÓN

Os docentes preparan un cuestionario con preguntas, coa ferramenta Quizizz, Kahoot ou similar, para comprobar qué aprenderon os estudantes sobre a netiqueta e as ferramentas dixitais empregadas. [Compárteno na páxina «6. Avaliación» do TwinSpace.](#)



Ferramentas: [Quizizz](#) e [Kahoot](#)

Os estudantes acceden ó TwinSpace e completan o cuestionario.



Alumnado realizando a avaliación

Os docentes programan unha videoconferencia para comentar e analizar os resultados da avaliación do alumnado e comparten esta información no TwinSpace. Tamén establecen propostas de mellora e posibles dificultades atopadas ó longo de toda a actividade.



[Enlace TwinSpace](#)

DIFUSIÓN

O docente fai difusión do produto final colaborativo na páxina web e redes sociais do centro escolar para compartilo co resto da comunidade educativa e que estes sexan conscientes da importancia do bo uso da linguaxe e das redes sociais. O docente ademais crea unha conta de invitado para que os familiares dos nenos coñezan as actividades que desenvolveron todos os socios da actividade.

O docente tamén comparte o libro dixital co experto que realizou a charla ó comezo da actividade para que este ofrezca a súa opinión e valoración. Pode crear outra conta de invitado ó TwinSpace para que o experto escriba a súa apreciación sobre a actividade completa.

Invite guests

1. Invite new or existing guests

Existing guests

#1

New guests

#1

2. Check & complete the information

Make sure the password is at least 8 characters long and includes at least 1 number. Try to use a mix of characters (upper, lower case, numbers and symbols) to make it safe.

#1

Invitación a visitantes a TwinSpace

Members ?

2 Teachers

0 students

Search



Cibercooperante Incibe

Guest

Last access: Never

Membro invitado



Tutorial: [Como invitar ó TwinSpace a un Visitante](#)

TwinSpace

[Enlace TwinSpace](#)

TwinSpace

[Enlace TwinSpace \(quitar\)](#)

Ferramentas do TwinSpace / ferramentas 2.0 externas:

TwinSpace: páxinas, materiais, foro, reunións en liña e membros.



Outras ferramentas:

Ferramenta para crear o avatar do alumnado: [Crear o teu avatar](#)

Ferramenta para crear chats ficticios de Whatsapp: [Fake WhatsApp](#)

Ferramenta para crear o libro dixital colaborativo: [Book Creator](#)

Ferramentas para a avaliación do alumnado: [Quizizz](#) e [Kahoot](#)

